



Pilar Rojo entrevístase co vicepresidente da República de Uruguai e presidente do Senado

- **Tamén se reuniu co presidente da Cámara de Representantes**

Montevideo, 12 de maio de 2015.- A presidenta do Parlamento de Galicia, Pilar Rojo Noguera, entrevistouse esta mañá (mediodía en España) co vicepresidente da República do Uruguai e presidente do Senado, Raul Sendic; e co presidente da Cámara de Representantes, Alejandro Sánchez, no transcurso dunha visita á sede do Palacio Lexislativo de Montevideo coa que deu por rematada a súa viaxe a ese país.

Na conversa cos máximos representantes do poder lexislativo da República Oriental de Uruguai, Pilar Rojo explicou o funcionamento do Parlamento de Galicia. Tamén intercambiaron experiencias sobre o funcionamento das distintas Cámaras lexislativas e sobre as relacións entre Galicia e Uruguai.

A Asemblea Xeral de Uruguai está integrada por dúas Cámaras (Senado e Cámara de Representantes) e presidida polo vicepresidente da República, que tamén preside o Senado. O Senado está formado por 30 senadores e máis o vicepresidente (que o preside); mentres que da Cámara de Representantes forman parte 99 deputados.

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia.